



DÚATLON CIDADE DE SANTIAGO

IV CIRCUÍTO SUPERSPRINT

CD-XV-JN

+

Proba promoción aberta

16 DE MARZO DE 2024



**DEPORTE
GALEGO**

//ABANCA



**Deputación
DA CORUÑA**

FEGATRI15
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO

ORGANIZA:

Triatlón Inforhouse Santiago
Concello de Santiago
Federación Galega de Triatlón e PM.

club@triatloninforhousesantiago.com

DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN:

16 de Marzo do 2024

Estadio Municipal Verónica Boquete, San Lázaro
Santiago de Compostela

Coordenadas
42°52'58"N, 8°30'58"W

HORARIOS:

Entrega de dorsais 10:30-13:30

Haberá cronometraxe con chip, cada participante recollerao co seu dorsal, os cales serán devoltos integramente ao finalizar a carreira.

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 minutos antes da súa saída.

CATEGORIA	CONTROL MATERIAL	SAÍDA
CIRCUÍTO SUPER SPRINT MASCULINA E INCLUSIVA	13:30-14:15	14:30
SUPERSPRINT FEMININA	13:30-14:15	14:35
SUPERSPRINT PROMOCIÓN ABERTA	13:30-14:00	14:45
SUPERSPRINT PROMOCIÓN CORREDOR + CICLISTA	13:30-14:00	14:45

Entrega de premios ao remate das probas aproximadamente 15:30

CIRCUÍTOS:

PROBA	CARREIRA A PÉ		CICLISMO		CARREIRA A PÉ	
Supersprint	2 km	1 Volta	7 km	2 Voltas	1 km	1 Volta



DEPORTE
GALEGO


//ABANCA



FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO

PLANOS PROBA SUPERSPRINT:

1º Sector: Carreira a pé: 1 volta (2 km). Circuito asfaltado de 2 Km ao que se lle dará 1 volta.




2º Sector: Bicicleta: enlaces + 2 voltas (7 km)

Trátase dun circuito de ida e volta de 3,4 km ao que se lle dan 2 voltas, discorre pola estrada entre o Estadio Municipal Verónica Boquete e a glorieta previa ao alto do Monte do Gozo.

VISTA XERAL



3º Sector: Carreira a pé: 1 volta (1 km)



INSCRICIÓN:

Limitadas a 260 participantes .

▪ Saída circuito Supersprint (CD/XV/JN)

Prezo: Gratuíta

Reserva de prazas por categoría e xénero proporcional ás licenzas ata o martes 5 de marzo.

Categoría	Anos de nacemento	Prazas reservadas por categoría e xénero*
Cadete	2009 - 2010	54(F) / 63(M)
Xuvenil	2007 - 2008	33(F) / 63(M)
Júnior	2005 - 2006	23(F) / 24(M)

* Deportistas con certificación de discapacidade >33% poden optar a saída inclusiva

* A reserva de prazas por categoría e xénero estará activa ata as 10:00 h. do martes 5 de marzo de 2024 - Dende o martes 5 de marzo ás 14:00 h. ao venres 8 de marzo, ás 14:00 h. a inscrición estará aberta para cadetes, xuvenís e junior de calquera xénero, con licenza de Tríatlón en vigor.

▪ Saídas promoción Supersprint

O venres, 8 de marzo ás 14:00 h. abrírase unha inscrición para persoas nadas en 2010 e anteriores, con licenza de Tríatlón en vigor, licenza de ciclismo ou non federados/as que poderán tramitar licenza temporal de 1 día para inscribirse nesta saída, na medida en que queden prazas vacantes na saída de Circuito Supersprint cadete, xuvenil e junior.

▪ Súper Sprint Individual

Prezo: 10,00 €. Menores gratuíta

Os importes anteriores veranse incrementados no custe da licenza temporal de 1 día (5 € licenza galega de ciclismo/6€ menores /20€ maiores sen licenza en vigor)



DEPORTE
GALEGO

//ABANCA



FEGATRI 15
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO

▪ Saída promoción Supersprint Corredor + Ciclista

Prezo: 15,00 € por equipo (7,50 por deportista). Menores gratuíta.

Os equipos poden ser femininos, masculinos ou mixtos.

Os importes anteriores veranse incrementados no custe da licenza temporal de 1 día (5 € licenza galega de ciclismo/6€ menores /20€ maiores sen licenza en vigor)

PRAZOS DE INSCRICIÓN

Dende o 29 de febreiro ás 10:00 h. ata o 12 de marzo ás 23:59 ou ata completar prazas de acordo aos anteriores puntos do regulamento.

PROCEDEMENTO

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado <https://fegatri.org/inscricions/>

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

A. Deportistas

Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario e no caso de deportistas sen licenza de triatlón subirán á plataforma o DNI e documento de protección de datos, cuberto e asinado que poden descargar na ligazón <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>

B. Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en <https://fegatri.org/inscricions/> e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club e contrasinal

BAIXAS E DEVOLUCIÓN

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do correspondente prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE INSCRITOS

Lista provisional. O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista, ...). É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Lista definitiva. O venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios)

LISTA DE AGARDA

Esgotadas as prazas en calquera das carreiras, abrírase unha lista de espera que se xestionará diariamente segundo se indica a continuación.

A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, de acordo ao presente regulamento, segundo as vacantes que se vaian producindo ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/á



DEPORTE
GALEGO

//ABANCA



FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO

participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14:00 h. do mesmo día. A última incorporación será feita o 13 de marzo ás 14:00h.

PREMIOS:

Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría: Cadete, Xuvenil e Junior.

Trofeos para o 3 primeiros clubs segundo a clasificación mixta regulamentaria.

Medalla para participantes da saída inclusiva que rematen a proba

Trofeos para os tres primeiros clasificados/as da saída popular individual e da saída promocional corredor +ciclista tanto en categoría feminina, masculina ou mixto.

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono".

NORMATIVA DA COMPETICIÓN:

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega e Española de Tríatlon [Regulamentos Deportivos 2024 FETRI/FEGATRI](#)

AVITUALLAMENTOS:

Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de pos-meta.

GARDARROUPA E VESTIARIOS:

Haberá servizo de gardarroupa no recibidor da entrada do Estadio Verónica Boquete.

Vestiarios e duchas no interior do Estadio Verónica Boquete, aseos na parte exterior.

REUNIÓN TÉCNICA:

Publicarase online o xoves antes da proba, na páxina web da FEGATRI, con toda aquela información técnica que afecte á competición.

PATROCINAN:

Inforhouse. Patrocinador principal do club organizador. Concello de Santiago, Secretaría Xeral para o Deporte, Fundación Deporte Galego, ABANCA e Deputación da Coruña.

NOTAS:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente a interesados/as, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do mesmo.



DEPORTE
GALEGO

//ABANCA



FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO